

# COMPARECENCIA DO DIRECTOR XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA UE PARA INFORMAR DO CUMPRIMENTO DO CÓDIGO ÉTICO INSTITUCIONAL

(Criterios básicos para a regulación das viaxes oficiais ao exterior dos altos cargos da Administración autonómica galega)

Parlamento de Galicia, 14 de xullo de 2017 (13:00H)

Señor Presidente, señorías:

Consonte co código ético institucional que regula as viaxes ao exterior dos altos cargos da Administración autonómica, comparezo para dar conta das mesmas durante o primeiro semestre deste ano en curso.

O pasado 18 de abril, o Presidente galego xirou unha visita institucional a Porto, convidado polo seu alcalde, Sr. Rui Moreira e pola *Associação Comercial do Porto*, coa que tivo un encontro no Pazo da Bolsa.

O Presidente do Goberno galego reuniuse co alcalde de Porto, Rui Moreira. Ambos os dous mandatarios apostaron por renovar e actualizar permanentemente os lazos entre os respectivos territorios para, xuntos, facer máis Europa, así como para afondar e ampliar a todos os niveis posibles a cooperación transfronteiriza e reforzar conxuntamente a cooperación con Latinoamérica. Igualmente, coincidiron en que Galicia e Porto comparten horizontes e obxectivos nun momento decisivo para España e Portugal, que están a avanzar cara adiante tras anos difíciles, nun momento

decisivo tamén para o conxunto de Europa, co escenario que se abre tras o Brexit.

O 15 de maio, o Presidente da Xunta tornaría a Portugal, concretamente a Braga, co gallo do XI Plenario da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, da que asumiu tamén a súa Presidencia, acompañado polo Vicepresidente da Xunta e por min mesmo. En palabras da presidencia portuguesa saínte, o balance desta Comunidade é moi positivo, e sen dúbida medrará no período agora aberto, á vista do plan presentado e dos proxectos en marcha.

O 24 de abril, o Presidente da Xunta viaxou a Bruxelas, acompañado polo Conselleiro de Economía, Emprego e Industria e tamén por min mesmo. Alí se entrevistou cos comisarios de Investigación, Ciencia e Innovación, Sr. Carlos Moedas, e de Acción polo Clima e Enerxía, Sr. Miguel Arias. Diante deles presentou o proxecto de *Ecobarrio*, que se está a articular para o concello de Ourense, e que agardamos que acade financiamento da Unión Europea ao abeiro do Plan Juncker.

Tamén se entrevistou co Director Xeral de Asuntos marítimos e pesqueiros da Comisión Europea, Sr. João Aguiar Machado.

Aproveitando o desprazamento, o Presidente tamén asistiu á *Seafood* de Bruxelas, onde cadrou coa Conselleira do Mar, reforzando así a presenza de Galicia, nun marco tan importante para a promoción da nosa industria pesqueira e transformadora.

Entre o 9 e o 16 de xuño, o Presidente viaxou á República Popular China. Nesta primeira viaxe oficial dun Presidente galego a China, os obxectivos perseguidos foron:

- Dinamizar as relacións coas empresas chinesas radicadas en Galicia.
- Contactar con outras grandes empresas e institucións chinesas para ofertar Galicia como localización axeitada para implantar as súas empresas en Europa.

- Impulsar a grandes empresas galegas do sector da alimentación e asociacións do mesmo sector para a súa introdución ou consolidación no mercado chinés, organizándolles reunións ao máis alto nivel con grandes empresas importadoras chinesas.
- Apoiar a celebración do salón de produtos agroalimentarios galegos en Shanghai, onde participaron máis de vinte empresas galegas do sector da alimentación.
- Dinamizar o turismo chinés en Galicia, dacordo co plan impulsado por Turismo de Galicia, coa súa Directora á fronte.

Pola súa banda, o **Vicepresidente** da Xunta estivo en Porto o 17 de febreiro e o 23 de xuño co Director Xeral de Emerxencias e Interior e maila Directora Xeral de Administración Local, para afondar na mellora no tratamento das emerxencias transfronteirizas. E para reforzar os lazos coa nosa diáspora estivo en Núremberg e Londres, respectivamente o 24 e 25 de xuño, acompañado polo Secretario Xeral de Emigración. Finalmente, asistiu ao Padroado da Fundación Galicia Europa en Bruxelas o 26 e 27 de xuño.

O **Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria** viaxou a París, do 10 ao 12 de abril, acompañado polo Secretario Xeral de Política Lingüística e polo Director da Fundación Cidade da Cultura, para visitar o Centro de Estudos Galegos da Universidade da Sorbona e coordinar as súas actividades, así como inaugurar a exposición de José Suárez no Instituto Cervantes da capital francesa. Entre o 4 e o 9 de maio estivo en Bos Aires co Secretario Xeral de Cultura e co Secretario Xeral de Política Lingüística, co gallo da súa Feira Internacional do Libro. Alí asistiu tamén ao Colexio Santiago Apóstolo, ao Padroado da Fundación Galicia-América, á Academia Arxentina e rendiulle homenaxe a Rosalía.

O **Conselleiro de Política Social** viaxou a Río de Janeiro do 24 ao 28 de marzo co Secretario Xeral da súa Consellería, para ocuparse da problemática dos nosos cidadáns residentes no Brasil que atinxe ao seu departamento. Neste senso mantivo encontros coa directiva do hospital español que atende a gran parte do noso colectivo; asinou un convenio de colaboración coa casa de España para colmar as necesidades socio-asistenciais básicas dos galegos que o requiran e tamén coa Associação de Recreio dos Anciaos de Río.

Finalmente, a **Conselleira do Mar**, tamén se desprazou a Bruxelas o 26 e 27 de xuño para asistir ao Fórum da Cohesión, convidada pola Comisión Europea para expoñer a execución do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca.

Descendendo xa a nivel de Secretarios, Directores Xerais e outros altos cargos:

Comezo logo polo **Secretario Xeral de Emigración**, que por motivos sempre relacionados coas súas responsabilidades cara á nosa diáspora visitou Alemaña (21-22 xaneiro), Venezuela (1-3 marzo), Arxentina e Uruguai (9-13 marzo), Suíza (17-18 marzo), Brasil (25-27 marzo), Cuba e México (24 abril a 3 de maio), Arxentina-Chile-Brasil (7 a 12 de maio), Alemaña e Reino Unido, como xa expuxen (23 a 25 de xuño) e Estados Unidos (Nova York, do 28 ao 30 de xuño).

A **Directora de Turismo de Galicia**, ademais de acompañar ao Presidente á República Popular China, estivo en Berlín do 7 ao 9 de marzo para asistir á Bolsa Internacional de Turismo (*Tourism Internationale Börsem*).

O **Director de Augas de Galicia** viaxou a Panamá do 10 ao 14 de xuño, para participar na Semana da Auga, organizada polo Banco Mundial e o Goberno panameño, para explorar posibilidades de cooperación.

A **Directora Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica** estivo en Bruxelas o 7 e 8 de febreiro e máis do 24 ao 26 de abril, para asistir ao foro organizado pola DG Mare da Comisión e a CRPM, e á Seafood, respectivamente. Tamén viaxou a Boston, do 19 ao 22 de marzo, co gallo da Feira Seafood desa cidade norteamericana, e a Milán, do 7 ao 10 de maio, para asistir a Feira Tuttofood.

O **Presidente de Portos de Galicia** presentou a oferta náutica galega en Dusseldorf, do 23 ao 25 de xaneiro, e en Portimao-Vilamoura-Albufeira do 10 ao 12 de abril, e en Oeiras-Lisboa-Porto o 26 e 27 de xuño.

A **Directora do INTECMAR**, estivo en Bruxelas o 25 de xaneiro e o 9 de xuño, para participar como técnica no Grupo de traballo de Moluscos Bivalvos da DG SANCO da Comisión Europea, e o 13 de marzo en París, como experta do consello de acuicultura (*Aquaculture Advisory Council – Shellfish Working Group*).

A **Directora Xeral de Xuventude** desprazouse a Messina do 27 de abril ao 1 de maio, para participar no intercambio xuvenil “*A xuventude no mundo*”, que fomenta a mobilidade mediante programas de educación non formal.

Para rematar, polo que a min respecta como Director Xeral de Relacións Exterior e coa UE, aparte das constantes viaxes ordinarias ao Norte de Portugal e a reunións convocadas polo Comité das Rexións, debo citar especificamente a viaxe do 14 ao 22 de xaneiro á República Dominicana e Cuba, no eido da cooperación galega ao desenvolvemento baixo a miña responsabilidade, e a Nantes o 1 e 2 de marzo, por mor de intervir na Asamblea Xeral e Buró Político da Comisión “Arco Atlántico”.

Moitas grazas.